

Construción de edificios

Datos correspondentes a febreiro de 2025

Resumo de resultados 30/05/2025

Principais resultados

- En febreiro concedéronse licenzas para construír 186 edificacións de nova planta (residenciais e non residenciais).
- O número de licenzas concedidas para rehabilitación de edificios foi de 157 e 16 para demolición.
- A variación neta do parque de vivendas no mes de febreiro foi de 478.

1. Introducción

A operación estatística **Construción de edificios** ofrece información sobre as licenzas de obra maior que conceden os concellos de Galicia. O colectivo de informantes constitúe o conxunto dos promotores inmobiliarios e/ou técnicos colexiados que asinan os proxectos de edificación.

A estatística ofrece información sobre o número de edificacións de **nova planta** a construír (con distinción de se se trata de edificios residenciais ou non residenciais), **a rehabilitar** e **a demoler**. Tamén informa sobre as vivendas de nova planta ás que darán lugar as novas edificacións, o número de vivendas creadas en rehabilitación e a demoler, así como da variación neta do parque de vivendas.

2. Licenzas para edificios

No mes de febreiro de 2025 concedéronse licenzas para construír 186 edificacións de nova planta: 125 residenciais e 61 non residenciais.

Sobre edificacións xa existentes, concedéronse licenzas para 157 obras de rehabilitación e 16 para obras de demolición de edificios.

En relación ao acontecido doce meses antes, o número de edificios a construír de nova planta aumentou en 5 unidades: 186 en febreiro de 2025 fronte aos 181 de febreiro de 2024.

O número de edificios a rehabilitar é maior que o rexistrado doce meses antes: 157 en febreiro de 2025 fronte aos 152 de febreiro de 2024.

3. Vivendas

As licenzas concedidas en febreiro de 2025 permitirán crear 418 vivendas en nova planta, o que supón un incremento de 129 unidades en relación ao rexistrado hai un ano.

O número de vivendas que se permitirían crear en rehabilitación sería de 67 e as vivendas a demoler serían 7.

A variación neta do parque de vivendas¹ este mes sería, por tanto, positiva, 478 novas vivendas coas licenzas concedidas.


¹variación neta do parque de vivendas calcúlase como a suma do número de vivendas a crear en nova planta e o de vivendas a crear en rehabilitación, menos o número de demolicións.

Número de edificios e vivendas a construír, rehabilitar e demoler. Galicia

	Edifícios			Vivendas		
	De nova planta	A rehabilitar	A demoler	De nova planta	A rehabilitar	A demoler
2024/Febreiro	181	152	19	289	55	19
2024/Marzo	141	136	20	283	32	16
2024/Abril	170	151	33	351	56	23
2024/Maio	180	161	26	240	54	68
2024/Xuño	158	138	17	350	49	31
2024/Xullo	166	160	40	345	74	21
2024/Agosto	132	135	21	315	59	9
2024/Setembro	167	150	17	421	79	10
2024/Outubro	206	209	12	314	106	16
2024/Novembro	171	147	16	196	74	30
2024/Decembro	178	151	23	352	64	20
2025/Xaneiro	129	134	18	219	130	21
2025/Febreiro	186	157	16	418	67	7

Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

Gráfico coa evolución da variación neta do parque de vivendas



Fonte: IGE ([descarga da táboa](#))

4. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Número de edificios e superficie a construír. Galicia. Datos mensuais

Fontes de información

IGE. Construción de Edificios.